

**Resolución do 27 de xullo de 2017, do Director-Xerente, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Oficial Administrativo, resultante dos períodos de actualización de listas, pola que se aproban e se fan públicas as listas previas definitivas desta categoría.**

Por resolución do 29 de xuño do 2017 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobáronse e fixéronse públicas as listas previas provisionais de candidatos na categoría de Oficial Administrativo, resultantes do período de actualización de méritos.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre ditas listas previas provisionais, de conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.3 e nas bases específicas 2.1.2 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

**Primeiro.-Resolver as reclamacións efectuadas.**

Resolver as reclamacións efectuadas contra a aprobación das listas previas provisionais de candidatos publicadas e aprobadas por resolución do 29 de xuño de 2017 da comisión de selección.

**Segundo.-Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos trala resolución das reclamacións efectuadas contra as listas previas provisionais de candidatos.**

Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos, trala resolución das reclamacións efectuadas contra as listas previas provisionais de candidatos, resultantes do período de actualización de listas, por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, que se poden consultar na páxina web de SEAGA escollendo a categoría correspondente, según o perfil/ís e ámbito/s territorial/ais seleccionados polo candidato no Anexo I da solicitude.

Santiago de Compostela, a 27 de xullo de 2017.

O Director-Xerente.

Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira

